



TRANSICIÓN A PÉ DE RÚA

**DISCURSO POLÍTICO E MOBILIZACIÓN SOCIAL DA
DITADURA FRANQUISTA Á DEMOCRACIA (1975-1979)**

Exposición Arquivo Miguel Gutierrez
Casa Museo Casares Quiroga
Dende o 01.10.2021 ao 29.11.2021



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

TRANSICIÓN A PÉ DE RÚA

DISCURSO POLÍTICO E MOBILIZACIÓN SOCIAL DA DITADURA FRANQUISTA Á DEMOCRACIA (1975-1979)

Colección Privada Miguel Gutiérrez

Casa Museo Casares Quiroga, outubro - novembro 2021

A exposición proposta é unha revisión deste período histórico visto dende Galicia a partir dunha selección de fondos da ampla colección privada de Miguel Gutiérrez e comisariado por el xunto ao investigador, ensaísta e profesor da Universidade de Santiago de Compostela, Emilio Grandío Seoane. A empesa Urdime será a encargada do deseño expositivo e gráfico, da montaxe e da edición da publicación.

___O contexto

Da ditadura á democracia... Esta exposición abordará o proceso de como foi posible converter a ditadura mais duradeira de Europa tras a Segunda Guerra Mundial nunha democracia perfectamente homologable cos países e contextos sociais do seu entorno. A política foi un vector imprescindible destes anos setenta. A modernización económica xa comezara anos antes, precisábanse axustar as institucións ó contexto político euro-

peo. Un camiño cun enorme esforzo cara á convivencia e a tolerancia, dotado dun elevado grao de incerteza. Boa proba é a publicidade política que se fixo na época e que tedes diante de vós. Cara que futuro, cara que modelo de democracia se camiñaba? Canta confianza era posible asumir?

Moitos cambios en moi pouco tempo e sempre cun grao de incerteza e de risco. Pero o certo é que, en pouco mais de tres anos, pasouse dun goberno directamente herdeiro da ditadura a instalar a estrutura básica do réxime representativo actual. Dende unha Lei de Reforma Política que permitiu pasar da 'Lei á Lei', ata as primeiras eleccións locais que dotaban ás institucións dunha tépeda representación municipal. Polo medio deste camiño houbo que percorrer unhas primeiras eleccións xerais, e elixir os membros dunha primeira lexislatura 'constituínte', nunca denominada realmente como tal. Para algúns, o remate do proceso de transición foi mesmo a aprobación da Constitución, o 6 de decembro de 1978. Nestes catro anos pasouse dun amplo abano de organizacións e partidos políticos, moitos inexistentes á morte de Franco, a condensar o sistema de partidos mediante coalicións, rápidas disolucións, procesos de unificación prolongados no tempo...

Nos materiais da colección privada de Miguel Gutiérrez acompañaranos a mobilización popular e os restos do 'franquismo'... A transición democrática resultou un período cheo de proxectos de futuro e mesmo de retornos o pasado, que nos fixo como somos. A pé de rúa.



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Os materiais organizaranse ao redor das seis temáticas que expoñemos a continuación

1. ENCHENDO AS RÚAS **Os camiños da ditadura**

A Dictadura convertírase nun anacronismo no contexto europeo e occidental dende os anos sesenta. A pretensión do réxime de facer un ‘estado de benestar’ singular co Desarrollismo económico dos anos sesenta evolucionou cara reivindicacións de normalización política. A altura dos anos setenta a mobilización cidadán era un feito evidente. Houbo unha necesaria aprendizaxe nestes anos cara a nova mercadotecnia política dende formas artesanais pero moi directas e comunicativas.

2. ‘HABLA, PUEBLO’ **Referendum de Reforma Política (15 de decembro de 1976)**

A designación de Adolfo Suárez como ‘piloto’ da nova democracia e a consideración de que o proceso debía levarse da ‘Lei á Lei’ posibilitou o transito cara búsqueda de fórmulas democráticas de goberno. O pistoletazo de inicio foi sen dúbida o chamado ‘harakiri’ das derradeiras Cortes franquistas e a constatación posterior na primeira chamada ás urnas da cidadanía española coa aprobación do Referendum de Reforma Política. O futuro aínda era incerto: cara onde este cheque en branco reclamaban moitos? A desconfianza atopábase no aire.

3. A FORMA DE GOBERNO: **Unha monarquía republicana?**

Un dos puntos capitales neste proceso era a forma de goberno. Dende os anos cuarenta a oposición democrática levaba reclamando un primeiro referéndum sobre este tema. A solución veu de xeito implícito coa aprobación da Constitución do 78 onde se sancionaba a Monarquía Constitucional como fórmula de goberno. Mais na mobilización destes primeiros meses a bandeira republicana foi un elemento recorrente da propaganda política nas rúas.

4. ‘SOPA DE SIGLAS’ **As primeiras eleccións xerais (15 de xuño de 1977)**

A sociedade española votaba por primeira vez os seus representantes despois de cuarenta anos de xeito libre e con garantías. O recordo e a memoria percibíuse como un elemento que sobrevoaba no momento. Comenzamos a coñecer os logos, as persoaxes, a pluralidade política e de pensamento, en suma. O desexo de recuperar a democracia ‘inevitable’ por todos encheu á Cámara e os días anteriores de ilusión, esperanza e futuro. Ou futuros...

5. 'O CONSENSO'


O Referendum da Constitución Española (6 de decembro de 1978)

O propósito dos primeiros representantes parlamentarios era crear a primeira Constitución aprobada no século XX español por unha inmensa maioría. A verba 'consenso', característica da creación do entramado político da sociedade de benestar tras a Segunda Guerra Mundial, convertíuse na fórmula máxima, capaz de aglutinar opinións contrapostas na procura dun futuro en común e sen conflito.

6: ELECCIÓNS MUNICIPAIS:

(3 de abril de 1979)

A auténtica representación, a mais achegada á cidadanía, tiña lugar finalmente nestes comicios. A extrema competencia electoral combinábase con mensaxes particulares, singulares, entendibles só en contextos concretos. A construción da democracia chegaba á última fase da súa rede, implantando tras a competencia política a representatividade política máis directa.




TRANSICIÓN A PÉ DE RÚA

**DISCURSO POLÍTICO E MOBILIZACIÓN SOCIAL
DA DITADURA FRANQUISTA Á DEMOCRACIA
(1975-1979)**

Exposición Arquivo Miguel Gutierrez
Casa Museo Casares Quiroga
01.10.2021 // 29.11.2021





Transición de transeo

Inês Rey García
Alcaldesa da Coruña

A entrada “transición” ten dúas acepcións no dicionario da Real Academia Galega. Di a primeira que se trata do “Paso dun estado a outro, dunha situación a outra etc., sen cambios bruscos”, unha idea de “paso” que xa está presente desde o verbo latino *transeo*, que deu orixe ao substantivo abstracto.

A evolución que evoca esta exposición mostra España dando un paso esencial, aquel que nos permitiu abandonar un réxime autocrático e autoritario camiñando pola senda democrática e de liberdades. A documentación que está aquí reunida condensa algúns deses fillos esenciais dun camiño que o noso país iniciou coa conciencia plena de cara onde quería ir e, máis aínda, por onde non quería pasar nunca máis. Sobre o carácter pouco súbito ou brusco do cambio en cuestión da noticia o facto de que, para a maioría de especialistas, o momento inicial da transición á democracia en España deba fixarse no falecemento “natural” do ditador, aínda que, por suposto, o contexto, o ambiente no que ese proceso puido darse viñera agromando desde máis lonxe. Pero esa ausencia de quebra súbita do réxime é a que ten permitido identificar a transición á democracia en España como un proceso no que, quizá por primeira vez na nosa historia, a Constitución democrática que ve a luz nese momento non se asentaba nunha vitoria contra “a outra metade”, ou como un deses “*trágala*” que permitiron a caracterización da nosa historia constitucional como o resultado dun movemento pendular entre

A transición a pé de rúa

Emilio Grandío e Miguel Gutiérrez
Comisarios da exposición

Da ditadura á democracia... Como foi posible converter a ditadura máis duradeira de Europa trala Segunda Guerra Mundial nunha democracia? As institucións políticas españolas eran, nos anos setenta, un vector totalmente desaxustado respecto da súa sociedade. Anacrónica. Absurda. A modernización económica xa comezara anos antes, precisábanse axustar as institucións ó contexto político europeo. Un camiño cun enorme esforzo cara á convivencia e a tolerancia, dotado dun elevado grao de incerteza. Boa proba é a publicidade política que se fixo na época e que tedes diante de vós. Cara a que futuro, cara a que modelo de democracia se camiñaba? Canta confianza era posible asumir?

A presión das rúas foi maior do que sempre nos contaron. A resistencia comezou dende un xeneralizado cambio de mentalidade nas novas xeracións. A revolta de Bazán do ano 1972 marcou en grande parte o inicio dunha nova realidade. O asasinato de Carrero Blanco, o 20 de decembro de 1973, deu de cheo na liña de flotación da ditadura. A súa perda foi considerada dende o interior do réxime como o anticipo do fin. Visualizouse a necesidade de procurar dentro da administración franquista posibilidades de futuro na que consideraban ‘inevitable’ democracia, aínda que sen data prevista. Só trala morte de Franco —porque a súa imaxe era o réxime—, se pode considerar aberto o futuro. Altos responsables franquistas convertíanse en defensores da nova democracia.

PUBLICACIÓN

Ademais, realizouse unha publicación que recolle unha selección os diferentes materiais seleccionados, para o cal se fixo a debida dixitalización, e tamén textos escritos especificamente por Inês Rey García, alcaldesa da Coruña, e os comisarios da exposición Emilio Grandío e Miguel Gutiérrez.



TRANSICIÓN A PÉ DE RÚA

DISCURSO POLÍTICO E MOBILIZACIÓN SOCIAL
DA DITADURA FRANQUISTA Á DEMOCRACIA
(1975-1979)

Concello da Coruña 2021
Exposición Arquivo Miguel Gutiérrez
Casa Museo Casares Quiroga

Cartel do Movemento Comunista de Galicia (MCG) (1977) facendo referencia a Manuel Fraga, na súa consideración de Ministro de Gobernación.
Arquivo privado de Miguel Gutiérrez.



TRANSICIÓN A PÉ DE RÚA

DISCURSO POLÍTICO E MOBILIZACIÓN SOCIAL
DA DITADURA FRANQUISTA Á DEMOCRACIA
(1975-1979)

Concello da Coruña 2021
Exposición Arquivo Miguel Gutiérrez
Casa Museo Casares Quiroga

Caixa de mistos de resina feita como propaganda do Partido Comunista por un ludo pode verse o logotipo do partido e polo outro a iclona de Dolores Barri, la Pasional.
Arquivo privado de Miguel Gutiérrez.

MOSTRA DE MATERIAIS DA EXPOSICIÓN

